


Contabilidade trimestral. Primeiro trimestre de 2007 COMUNICADO


O PIB da economía galega creceu un 4,2% no primeiro trimestre de 2007, igual ao rexistrado no trimestre anterior.

O emprego rexistra un crecemento interanual do 3,5%, o que supón unha creación de 39.356 postos de traballo equivalentes a tempo completo.

O Produto interior bruto xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2007 rexistrou un crecemento do 4,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é igual ao rexistrado no trimestre anterior.



A demanda en termos nacionais contribúe con 5,5 puntos ao crecemento do PIB e, polo tanto, a achega da demanda externa neta é de -1,3 puntos porcentuais. Con respecto ás achegas do cuarto trimestre de 2006 a primeira sobe unha décima e, tendo en conta o igual crecemento do PIB en ambos trimestres, a segunda diminúe unha décima.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 4,5%, un crecemento superior en tres décimas ao rexistrado no cuarto trimestre do ano pasado. Os indicadores de rendas salariais seguen unha evolución parella, cun crecemento superior ao do trimestre anterior, debido ao maior crecemento da afiliación asalariada e á redución no crecemento dos prezos de bens de consumo que compensan a redución dos incrementos salariais. Outros indicadores de consumo como o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de efecto calendario, as matriculacións de turismos e as importacións de bens de consumo en termos reais tamén presentan un maior crecemento que no trimestre precedente.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	3,2	3,1	3,6	4,2	4,5
-Gasto en consumo final dos fogares	3,1	3,0	3,4	4,2	4,5
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,7	3,4	4,1	4,2	4,4
Formación bruta de capital	5,8	4,4	5,2	5,9	5,7
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	4,5	4,0	4,7	5,4	5,5
Exportacións de bens e servizos	10,9	8,8	2,6	5,1	4,0
Importacións de bens e servizos	7,0	6,7	5,5	6,2	5,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	4,1	4,1	4,2	4,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ó crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 4,4%, dúas décimas máis que no trimestre anterior.

A Formación bruta de capital creceu un 5,7%, dúas décimas inferior ao do trimestre anterior. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento deste apartado; outros indicadores presentan tamén altas taxas de crecemento como son a matriculación de vehículos de carga e as importacións de bens de equipo en termos reais.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta reduciuse unha décima con respecto ao trimestre anterior como consecuencia do crecemento máis acelerado das importacións que das exportacións.

As exportacións creceron un 4,0% no primeiro trimestre, 0,9 puntos menos que no trimestre anterior. Pola súa parte, as importacións creceron un 5,3%, o que supón así mesmo unha redución de nove décimas sobre o crecemento do trimestre anterior.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Ramas agraria e pesqueira	6,0	1,9	-1,5	2,8	-2,0
Ramas enerxéticas	7,6	9,4	1,2	-2,3	-3,8
Ramas industriais	6,4	5,6	0,0	6,9	4,9
Construción	4,2	4,0	4,6	4,2	4,7
Ramas dos servizos	3,9	3,9	4,0	3,9	3,8
- Servizos de mercado	3,8	4,1	4,2	4,1	4,1
- Servizos non de mercado	3,8	3,0	4,4	3,3	3,3
Impostos netos sobre os produtos	2,3	4,0	4,4	7,8	8,0
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	4,1	4,1	4,2	4,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Dende a perspectiva da oferta, as ramas industriais, a construción e os servizos de mercado son as que presentan un mellor comportamento.

As ramas agraria e pesqueira diminuíron un 2,0% no primeiro trimestre de 2007. Tanto as ramas de produtos industriais como as de produtos enerxéticos desaceléranse, a primeira 2 puntos e a segunda 1,5 puntos, acadando un crecemento interanual do 4,9 e do -3,8% respectivamente. Este comportamento está de acordo co experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 4,7%, superior en cinco décimas ao crecemento rexistrado no cuarto trimestre de 2006. Este crecemento susténtase no maior crecemento que presentan tanto a edificación residencial como non residencial, a primeira con crecementos superiores ao 10% e a segunda con crecementos aínda negativos. A licitación oficial en obra civil mostra síntomas de recuperación.

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,8%, unha décima inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento do 4,1% debido, entre outros factores, ao bo comportamento do comercio, a hostalaría e o transporte. Os servizos non de mercado creceron un 3,3%, igual crecemento que no trimestre anterior.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 7,0%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 2,7%, inferior en 1,3 puntos ao crecemento rexistrado polo mesmo no trimestre anterior.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no primeiro trimestre de 2007 un crecemento interanual do 3,5%, dúas décimas máis que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 39.356 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas dos servizos e da construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxética.

Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2006				2007
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL	3,1	2,9	2,9	3,3	3,5
Ramas agraria e pesqueira	-5,9	-4,2	-5,0	0,2	-3,4
Ramas enerxéticas	-2,3	-2,8	-2,6	-2,4	-5,8
Ramas industriais	1,7	1,7	1,7	1,7	3,3
Construción	4,5	4,4	5,4	5,0	6,1
Ramas dos servizos	5,0	4,3	4,1	4,0	4,4
- Servizos de mercado	5,6	5,3	4,8	4,3	5,0
- Servizos non de mercado	3,8	2,1	2,7	3,2	3,1
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	4,0	3,5	3,5	3,5	4,4
Ramas agraria e pesqueira	2,5	2,4	4,5	1,8	-1,5
Ramas enerxéticas	-2,1	-2,6	-2,5	-2,4	-6,2
Ramas industriais	1,5	1,5	1,7	2,0	4,7
Construción	4,5	4,0	4,8	4,6	6,0
Ramas dos servizos	4,8	4,1	3,7	3,9	4,4
- Servizos de mercado	5,5	5,4	4,4	4,3	5,3
- Servizos non de mercado	3,8	2,1	2,7	3,2	3,1

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 4,4%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 38.587 postos de traballo asalariados a tempo completo.

De esta maneira, considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,7%, dúas décimas inferior á cifra acadada no trimestre anterior.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>
e-mail: ige@ige.es